

11F

DÍA INTERNACIONAL DAS

MULLERES E NENAS NA CIENCIA

16 de febreiro de 2024

Aula Magna - Facultade de Química

Avda. das Ciencias, Santiago de Compostela



DÍA INTERNACIONAL DAS

MULLERES E NENAS NA CIENCIA

A brecha de xénero nos sectores da ciencia, a tecnoloxía, a enxeñería e as matemáticas (STEM) persiste desde hai anos en todo o mundo. O 11 de febreiro é a data sinalada para visibilizar a pouca representación que aínda existe de mulleres nestes campos.

Segundo a Organización das Nacións Unidas, a ciencia e a igualdade de xénero son vitais para alcanzar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), incluídos na Axenda 2030. Nos últimos 15 anos, a comunidade internacional leva feito un gran esforzo inspirando e promovendo a participación das mulleres e as nenas na ciencia. Desafortunadamente, elas seguen enfrontándose a barreiras que lles impiden participar plenamente nesta disciplina.

De acordo con un estudo realizado en 14 países, a probabilidade de que as estudantes terminen un grao, un posgraduado e un doutoramento nalgunha materia relacionada coa ciencia é do 18%, 8% e 2%, respectivamente, mentres que a probabilidade para os estudantes masculinos é do 37%, 18% e 6%. A discriminación sistémica fai que as mulleres ocupen menos do 30% dos postos de investigación e desenvolvemento en todo o mundo.

En España os datos tampouco varían moito. O número de mulleres con estudos universitarios creceu moito nas últimas décadas, superando actualmente o 50% do total. Aínda así, a distribución por carreiras é moi desigual. A presenza de mulleres en certas áreas científicas, como a física e as enxeñerías, é moi inferior á dos homes. Este desequilibrio acentúase segundo progrésase na carreira investigadora, e se acentúa maioritariamente cando coa ciencia se crean empresas baseadas neste coñecemento.

DÍA INTERNACIONAL DAS

MULLERES E NENAS NA CIENCIA

11F

09:00 INAUGURACIÓN

Sandra Vázquez Domínguez

Secretaria xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.

Pilar Bermejo Barrera

Vicerreitora de Política Científica da Universidade de Santiago de Compostela.

María Seoane Ramil

Vocal de la Junta Directiva de Bioga.

Eva López Barrio

Coordinadora de Innovatia 8.3.

Jesús Sanmartín Matalobos

Decano da Facultade de Química da Universidade de Santiago de Compostela.

09.30 – 10:30 EN QUE CONSISTE SER CIENTÍFICA?

María Carreiro Otero

Presidenta da Asociación de Mulleres Tecnólogas de Galicia.

Marta Perez Pereiro

Delegada de Igualdade da Universidade de Santiago de Compostela.

Pilar Bermejo Barrera

Vicerreitora de Política Científica da Universidade de Santiago de Compostela.

Modera: **Sabela López Figueiras** – Técnica de Transferencia de Coñecemento da Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento da Universidade de Santiago de Compostela.

10:30 – 11:30 COA CIENCIA, PODO CREAR UNHA EMPRESA?

Iria Rodríguez Arias

Directora de I+D de NANOGAP.

Ester Vázquez

Co-fundadora e Cryo-EM Consultant de TEMPoS.

Bibiana Rodiño

Fundadora e CEO de BETA Implants.

Modera: **Loli Pereiro Mato** – Cluster Manager de Bioga.

12:30 - 13:30 ATERRIZAR NO MERCADO LABORAL SAN E SALVO.

Antía Blanco Espiñeira

Directora de Recursos Humanos en GalChimia.